

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1DL	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 08-08-16 11:37

Número 25 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais, así como o rexeitamento da oferta presentada por unha empresa.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 05 de agosto de 2016 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 25 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO PARA DESBROCE, LIMPEZA E MANTEMENTO DE MARKES E DRENAXES DE VIARIO, CARREIROS FLUVIAIS E PARCELAS MUNICIPAIS, ASÍ COMO O REXEITAMENTO DA OFERTA PRESENTADA POR UNHA EMPRESA.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 28 de xullo de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial; así como do informe favorable de Intervención, nº 2016/437, de data 19.7.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela (2016)", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1DL	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 08-08-16 11:37

Primeiro: Con data 19 de xullo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Segundo: Con data 28 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa SEANTO SL por non asinar debidamente a súa documentación de acordo co recollido no prego de cláusulas administrativas de aplicación, que no seu apartado 13.3. dispón:

*"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre"*.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL, que oferta unha baixa do 30 % a aplicar sobre o cadro de prezos incorporado ó prego de prescricións técnicas, ata un gasto máximo 181.818'18 euros máis IVE, ó ser a a súa a máis vantaxosa das presentadas.  
Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 21000**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 170.000 euros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1DL	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 08-08-16 11:37

Anualidade 2017: 50.000 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa SEANTO SL por non asinar debidamente a súa documentación de acordo co recollido no prego de cláusulas administrativas de aplicación, que no seu apartado 13.3. dispón:

"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL, que oferta unha baixa do 30 % a aplicar sobre o cadro de prezos incorporado ao prego de prescricións técnicas, ata un gasto máximo 181.818'18 euros máis IVE, ao ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 21000**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 170.000 euros.

Anualidade 2017: 50.000 euros.

**A CONCELLEIRA SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: María Rozas Pérez**



